



CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por decreto da Alcaldía, de data 23/05/2024, prestouse aprobación inicial aos padróns correspondentes ao 4º Trimestre 2023 das:

- Taxa polo subministro de auga.
- Taxa pola recollida de lixo.
- Taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración.
- Canon da auga (Xunta de Galicia).

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dende o 27/05/2024 ata o 26/07/2024. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá persoarse nas oficinas municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir as oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 25 de maio de 2024.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1500

BEGONTE

Anuncio

Elevado a definitivo o acordo provisional do Pleno desta Corporación, de data 5 de abril de 2024, de modificación da Ordenanza Fiscal Municipal Reguladora da Taxa pola Suministración de auga potable a domicilio, en cumprimento do disposto no art. 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o texto íntegro da dita modificación:

ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL REGULADORA DA TAXA POLA SUMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE A DOMICILIO.

Artigo 4º.-

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será fixada nas seguintes tarifas:

TARIFA 1ª: Subministración de auga para usos domésticos.

Mes

- Consumo de 0 ata 10 m3.....3,00 € (cota fixa) + 0,15 €/m3.
- Consumo de mais de 10 m3 ata 20 m3.....4,50 € (cota fixa) + 0,20 €/m3.
- Consumos de mais de 20 m3.....6,00 € (cota fixa) + 0,25 €/m3.

TARIFA 2ª: Subministración de auga para usos industriais.

- Consumo de 0 ata 50 m3.....10 € (cota fixa) + 0,15 €/m3.
- Consumo de mais de 50 m3 ata 100 m3.....15 € (cota fixa) + 0,20 €/m3.
- Consumo de mais de 100 m3 ata 200 m3.....20 € (cota fixa) + 0,30 €/m3.
- Consumo de mais de 200 m3 ata 400 m3.....30 € (cota fixa) + 0,40 €/m3.
- Consumo de mais de 400 m3 ata 600 m3.....65 € (cota fixa) + 0,50 €/m3.
- Consumo de mais de 600 m3.....350 € (cota fixa) + 0,98 €/m3.

TARIFA 3ª . Subministración para usos agrícola-gandeiros.

- Consumo de 0 ata 50 m3.....10 € (cota fixa) + 0,10 €/m3.
- Consumo de mais de 50 m3 ata 100 m3.....15 € (cota fixa) + 0,12 €/m3.
- Consumo de mais de 100 m3.....20 € (cota fixa) + 0,15 €/m3.

Begonte, 27 de maio de 2024.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 1501

CASTROVERDE

Anuncio

Que por resolución de alcaldía de data día 24 de maio de 2024, ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de abril de 2024 , e exponse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 24 de maio de 2024.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1502

Anuncio

Que por resolución de alcaldía de data día 24 de maio de 2024, ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do prezo público polas escolas deportivas correspondente ao mes de maio de 2024, e exponse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 24 de maio de 2024.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1503

Anuncio

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN DE DOUS POSTOS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE CASTROVERDE, NO MARCO DO PROGRAMA DE FOMENTO DE EMPREGO 2024, FINANCIADO POLA EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Por Resolución de Alcaldía de data 27 de maio do 2024, aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Castroverde con arreglo ao modelo que figura nas bases.

A presentación das solicitudes farase no rexistro de documentos do Concello de Castroverde ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de **CINCO (5) días hábiles** a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases poden ser consultadas na web municipal (<https://concellodecastroverde.gal>)_no taboleiro de anuncios do Concello de Castroverde e na páxina web da Excelentísima Deputación de Lugo.

Castroverde, 27 de maio de 2024.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1504

CERVO

Anuncio

Formada a Conta Xeral desta Corporación correspondente ó exercicio orzamentario de 2023 cos estados e contas a que se refire o artigo 209 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e as Regras 44 a 51 da Instrución do modelo normal de Contabilidade para a Administración Local aprobada por Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, e informada pola Comisión Especial de Contas en sesión de 27 de maio de 2024, exponse ó público, xunto cos documentos que a xustifican na Intervención desta entidade, por período de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia. Durante dito prazo os interesados lexítimos poderán examinala e formular por escrito as alegacións que estimen pertinentes de conformidade co disposto no artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Cervo, 27 de maio de 2024. A alcaldesa; María Dolores García Caramés.

R. 1505

CHANTADA*Anuncio***CONTA XERAL 2023**

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e unha vez que foi informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, en sesión de data 27 de maio de 2024, expónse ó público a Conta Xeral correspondente ó exercicio orzamentario do ano 2023 polo prazo de quince días, durante os cales , os interesados poderán presentar reclamacións, reparos e observacións que teñan por conveniente.

Chantada, 27 de maio de 2024.- O Alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 1506